



COMISIÓN DE ECONOMÍA, FACENDA, ESPECIAL DE CONTAS, PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

Sesión extraordinaria do 31 de maio de 2021.

Preside: Antonio Leira Piñeiro

Deputados/as

Asistentes:

Xosé Luis Penas Corral	BNG
Antonio Fernández Angueira	PP
José Carlos Calvelo Martínez	PP
Jose Luis Fernández Mouriño	PP
José Muiño Domínguez	PP
Manuel Taboada Vigo	PP
José Manuel Pequeño Castro	PSOE
José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Sandra González Castro	PSOE

Excusado:

Ángel García Seoane	AVV
Alberto Lema Suárez	MA

Presentes:

José Manuel Pardellas Rivera (Interventor Xeral)
María Amparo Cristina Taboada Gil (Oficial Maior)

Secretaría: María José Vázquez Sesmonde

Examinado o expediente do asunto que se indica a continuación:

Aprobación inicial da Conta Xeral da Deputación provincial do exercicio 2020.

Esta comisión aproba, por unanimidade, o seguinte ditame:

1º. Informar favorablemente a Conta Xeral da Deputación provincial do exercicio 2020 formada pola Conta Xeral da propia Deputación provincial, a Conta Xeral do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña e as Contas Anuais da Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC), de conformidade co establecido no art. 212.2 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo e nas regras 44 a 51 da ICAL, aprobada pola orde HAP/1781/2013 do 20 de setembro.

2º. Dispoñer a súa exposición pública por un prazo de 15 días, para os efectos de presentación de reclamacións, reparos ou observacións, de acordo co disposto no art. 212.3 do TRLRFL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

3º. Sometela ao Pleno da Corporación, transcorrido o dito prazo. De presentárense reclamacións,



reparos ou observacións, será preciso un novo informe desta Comisión antes da remisión ao Pleno para a súa aprobación, segundo establece o art. 212.3 e 4 do TRLRHL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo e a regra 49 da ICAL.

4º. Remítala ao Tribunal de Contas e o Consello de Contas, unha vez aprobada, conforme co establecido no artigo 212.5 do TRLRHL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo e na regra 51 da ICAL, así como ás demais entidades que proceda a súa remisión, segundo a normativa vixente e tamén proceder á súa publicación na web institucional.

O presidente: Antonio Leira Piñeiro (asinado dixitalmente)

A secretaria: María José Vázquez Sesmonde (asinado dixitalmente)



**Deputación
DA CORUÑA**

SERVIZO DE ORZAMENTOS E
ASISTENCIA ECONÓMICA
A CONCELLOS
SECCIÓN I

ANUNCIO

Exponse ao público a **Conta Xeral da Deputación Provincial da Coruña do exercicio 2020** ditaminada pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior do día 31 de maio de 2021, de conformidade co establecido no artigo 212 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, e no artigo 212 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

A devandita conta quedará exposta na Sección I do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos por un prazo de quince (15) días, a contar desde o seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os que os interesados poderán examinala e presentar as reclamacións, reparos ou observacións que estimen oportunas.

O Presidente,
Valentín González Formoso
(asinado dixitalmente)

O Secretario,
José Luis Almau Supervía
(asinado dixitalmente)



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Intervención Xeral e Xestión Económica-Financeira. Serv. de Orzamentos, Est. e Asist. Econ. Sección 1

Conta Xeral da Deputación Provincial da Coruña do exercicio 2020

ANUNCIO

Exponse ao público a Conta Xeral da Deputación Provincial da Coruña do exercicio 2020 ditaminada pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior do día 31 de maio de 2021, de conformidade co establecido no artigo 212 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, e no artigo 212 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

A devandita conta quedará exposta na Sección I do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos por un prazo de quince (15) días, a contar desde o seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os que os interesados poderán examinala e presentar as reclamacións, reparos ou observacións que estimen oportunas.

A Coruña, 1 de xuño de 2021.

O presidente

Valentín González Formoso

O secretario

José Luis Almau Supervía

2021/4787



**Deputación
DA CORUÑA**

SERVIZO DE ORZAMENTOS
E ASISTENCIA ECONÓMICA
A CONCELLOS
Sección I

D. José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Excma. Deputación Provincial da Coruña, da que é presidente **D. Valentín González Formoso**,

Certifica:

Que a Conta Xeral do orzamento do exercicio 2020 publicouse por anuncio no Boletín Oficial da Provincia núm. 104 do día 4 de xuño de 2021 e expúxose ao público por un prazo de quince días hábiles conforme ao disposto no artigo 212.3 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, sen que durante o dito prazo se presentara reclamación ningunha contra o a mesma.

Expido o presente certificado para que produza os efectos oportunos e se achegue ó respectivo expediente, de orde e co visto e prace do Sr. Presidente, na Coruña, 30 de xuño de 2021.

V. e Pr.

O presidente



**SERVIZO DE ORZAMENTOS E
ASISTENCIA ECONÓMICA A CONCELLOS
SECCIÓN I**

José Luis Almau Supervía, secretario da Deputación Provincial da Coruña, da que é presidente **Valentín González Formoso**,

CERTIFICO:

Que o "**Anuncio da exposición pública da Conta Xeral do orzamento do exercicio 2020**", permaneceu exposto ao público no taboleiro de edictos desta Corporación dende o día 4 de xuño ao 28 de xuño, ambos días incluídos, do 2021.

Expido o presente certificado para que produza os efectos oportunos e se achegue ao respectivo expediente, de orde e co visto e praxe do Presidente, na Coruña a trinta de xuño de 2021.

**V. e praxe
O Presidente**



COMISIÓN DE ECONOMÍA, FACENDA, ESPECIAL DE CONTAS, PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

Sesión ordinaria do 2 de setembro de 2021.

Preside: Antonio Leira Piñeiro

Deputados/as

Asistentes:

Ángel García Seoane	AVV
Xosé Luis Penas Corral	BNG
Alberto Lema Suárez	MA
José Carlos Calvelo Martínez	PP
Manuel Taboada Vigo	PP
Martina Aneiros Barros	PP
Roberto Rodríguez Martínez	PP
Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
José Manuel Pequeño Castro	PSOE
María Milagros Castro Sánchez	PSOE

Non asisten:

Rosa Mª Gallego Neira	PP
-----------------------	----

Presentes:

Enrique Calvete Pérez (Tesoureiro)
José Manuel Pardellas Rivera (Interventor Xeral)
María Amparo Cristina Taboada Gil (Oficial Maior)

Secretaría: María José Vázquez Sesmonde

Examinado o expediente do asunto que se indica a continuación:

Aprobación definitiva da Conta Xeral do Orzamento da Deputación provincial do exercicio 2020.

Esta comisión aproba, por unanimidade, o seguinte ditame:

1º.- Aprobar definitivamente a Conta Xeral do Orzamento da Deputación provincial do exercicio 2020.

2º.- Remitila ao Tribunal de Cuentas e o Consello de Contas, conforme co establecido no artigo 212.5 do TRLRHL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo e na regra 51 da orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, polo que se aproba a Instrucción do modelo normal de contabilidade local; así como ás demais entidades que proceda a súa remisión, segundo a normativa vixente e tamén proceder á súa publicación na web institucional.

O presidente: Antonio Leira Piñeiro (asinado dixitalmente)

A secretaria: María José Vázquez Sesmonde (asinado dixitalmente)



JOSÉ LUIS ALMAU SUPERVÍA, secretario xeral da Deputación Provincial da Coruña.

CERTIFICA: Que o PLENO DA CORPORACIÓN da Deputación Provincial de A Coruña, na sesión ordinaria celebrada o 10 de setembro de 2021, adoptou o seguinte acordo:

13. Aprobación definitiva da Conta Xeral do Orzamento da Deputación provincial do exercicio 2020.

1º.- Aprobar definitivamente a Conta Xeral do Orzamento da Deputación provincial do exercicio 2020.

2º.- Remitila ao Tribunal de Cuentas e o Consello de Contas, conforme co establecido no artigo 212.5 do TRLRHL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo e na regra 51 da orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, polo que se aproba a Instrucción do modelo normal de contabilidade local; así como ás demais entidades que proceda a súa remisión, segundo a normativa vixente e tamén proceder á súa publicación na web institucional.

E para que conste e sen prexuízo dos termos da aprobación da acta, segundo o disposto no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Corporacións locais, expido a presente de orde e co visto e praxe do Sr. Presidente na Coruña.

O secretario: José Luis Almau Supervía (asinado dixitalmente)

O presidente: Valentín González Formoso (asinado dixitalmente)



Justificante de Envío

La Cuenta General de A Coruña con NIF P1500000C, del ejercicio 2020 ha sido recibida correctamente.

Fecha: 05/10/2021 14:46:00

Número de Registro: 2021-E-RC-1474

Envío realizado por el usuario : 35291198K

Resguardo de firma electrónica

Este fichero de texto constituye un resguardo de la firma electrónica con clave concertada realizada. Nótese que es sólo informativo. Usted puede descargar un fichero xml con todos los datos, recibos y comprobantes de la firma realizada.

Si ve caracteres extraños, tenga en cuenta que este texto está codificado en unicode (UTF-8). El programa que use para ver textos debe estar preparado.

Datos de la clave concertada utilizada

Número de Documento de Identidad: 35291198K
Fecha_hora_valida_desde: 06/10/2021 09:46:31.857
Fecha_hora_valida_hasta: 07/10/2021 09:46:31.857

Datos del apunte en el Registro Electrónico

Id del Apunte: 9332185
Número de registro: 2021-00929424-E
Fecha de registro: 06/10/2021 09:48:03
Fecha de presentación: 06/10/2021 09:47:43
Código de aplicación: A_SGFAL_EELL_LIQ20
Nombre de aplicación: Liquidaciones EELL 2020
Código de formulario: F_SGFAL_EELL_LIQ20_INICIAL
Nombre de formulario: Liquidaciones EELL 2020
Código de procedimiento:
Número de Documento de Identidad del Presentador: 35291198K
Nombre y apellidos del Presentador: MARÍA DEL PILAR VÁZQUEZ PÉREZ
Código del Centro Directivo destinatario: 49957
Nombre del Centro Directivo destinatario: S. GRAL. DE FINANCIACIÓN AUTONÓMICA Y LOCAL
Asunto: Firma de la Liquidación 2020

Texto original que se firmó:

--- comienzo del texto ---

Hecho que se firma:

- Cuenta General/Cuentas Anuales de la Liquidación del Presupuesto
- Ejercicio 2020.
- Ente "Diputación Prov. de A Coruña" (código BDGEL: 11-15-000-DD-000)

El funcionario responsable de la entrega de la copia de la liquidación del presupuesto a la Secretaría General de Coordinación Autonómica y Local, declara que estos datos corresponden a la liquidación del presupuesto del ejercicio 2020 de dicha entidad local.

- * 11-15-000-DD-000_acuseReciboCuentaGeneral.pdf (06/10/2021 9:45)
- * 11-15-000-DD-000_Certificado_Plano_aprobación_definitiva.pdf (06/10/2021 9:44)
- * 11-15-000-DD-000_P1500000C_2020_NOR_DC-MEMORIAS.pdf (06/10/2021 9:44)
- * 11-15-000-DD-000_P1500000C_2020_NOR_DC_TESORERIA.pdf (06/10/2021 9:43)
- * 11-15-000-DD-000_P1500000C_2020_NOR_CUENTAS-ANUALES.xml (06/10/2021 9:43)

--- fin del texto ---

